Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cobra do Castelo

O Castelo é un penedo situado entre as parroquias do Burgo do concello de Muras, e Lousada, do concello de Xermade, ambos da provincia de Lugo. Desde alí, en día claro, vese a inmemsidade da Terra Chá e os montes dos arredores; e mesmo se albiscan as cidades de Lugo e A Coruña.

Aquí tivo casa nun burato que vai desde o Couto Mouro a Someiro unha cobra xigante con ás. Dunha vez comeu un boi enteiro e doutra a un home que estaba apañando nos toxos.

Cando tiña sede saía polo burato do Someiro e botábase costa abaixo, enrodelada e coa cola na boca, ata o Rego dos Corvos

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ALUMNOS DA ESCOLA DE COMERCIO DE LUGO, Dempóis da Chaira, Gráficas Bao, Lugo, 1976.

BIBLIOGRAFÍA:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, [Cobra con ás] Xerais, Vigo, 1999.